

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i 2025-2026

Santiago de Compostela, [data da súa sinatura dixital]

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo de 2022), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 85 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os seus Estatutos (DOG núm. 29 do 12 de febreiro).

Interveñen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose mutua e reciprocamente lexitimación e capacidade para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en adiante, a Consellería) é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do sistema universitario, tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, e se especifica no Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería, de acordo coas competencias que lle atribúe o Decreto 138/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica da Consellería. Entre as súas competencias correspóndelle a promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional e que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configuran como unha das principais axentes xeradoras de coñecemento en Galicia.

En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e, por iso, é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na

totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

CUARTO.- A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha institución pública, dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propios, que asume as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía con ese fin, no marco da Constitución e das leis.

A USC realiza actividades de docencia, de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e de transferencia do coñecemento, o que a configura, xunto coas demais universidades do SUG, como unha das principais axentes xeradoras de coñecemento en Galicia.

QUINTO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Compre, polo tanto, contar cun conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

SEXTO.- O Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea, e Europa innovadora. Sobres estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Así mesmo, contribúe aos obxectivos estratéxicos 1 e 5, integrándose, polo tanto, nos programas Integra e Posiciona da RIS3 de Galicia e, respectivamente, nos programas Coñecemento e Posicionamento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

SÉTIMO.- Con cargo aos orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciáanse accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrencia competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.

Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

OITAVO.- O 26 de outubro do ano 2023 asinouse un "*Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026*", que tivo unha addenda asinada o 22 de outubro de 2024.

NOVENO.- Para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica; para elo, a Universidade de Santiago de Compostela presenta en maio de 2025, a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, un programa de necesidades da súa actividade investigadora, co fin de desenvolver accións de mellora en diferentes aspectos. A partir da situación actual, a Consellería considera necesario impulsar accións de ordenación, estruturación e potenciación da investigación.

Para os anos 2025 e 2026 é necesario continuar con aquelas actuacións que están a ter un gran impacto non só dentro do ámbito universitario senón na sociedade como é o progreso desta universidade.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- **Obxecto**

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica.

O orzamento será de 9.298.029,82 €, distribuídos nas anualidades 2025 e 2026, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

	2025	2026	TOTAL 2025-26
1. ACTUALIZACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS			
1.1. Infraestruturas científicas - cofinanciamento	825.824,94	1.053.800,12	1.879.625,06
Subtotal 1	825.824,94	1.053.800,12	1.879.625,06
2. ESTRUCTURAS DE INVESTIGACIÓN E CAPTACIÓN DE TALENTO			
2.1. Apoio incorporación talento investigador	100.000,00	100.000,00	200.000,00
2.2. Apoio a convocatorias proxectos internacionais	30.000,00	30.000,00	60.000,00
2.3. Apoio centros investigación	600.000,00	600.000,00	1.200.000,00
2.4. Medidas complementarias de apoio aos centros CIGUS	1.264.500,00	1.355.000,00	2.619.500,00
2.5. Diagnóstico e folia de ruta sobre personalidade xurídica de centros CIGUS	8.000,00	8.000,00	16.000,00
Subtotal 2	2.002.500,00	2.093.000,00	4.095.500,00
3. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE I+D+i			
3.1. Axudas investigación	82.635,00	62.000,00	144.635,00
i. Axudas a congresos e reunións científicas	60.635,00	40.000,00	100.635,00
ii. Axudas á difusión da investigación	22.000,00	22.000,00	44.000,00
3.2. Accións de dinamización da transferencia de investigación	25.000,00	25.000,00	50.000,00
3.3. Accións selo excelencia	15.000,00	15.000,00	30.000,00
3.4. Promoción da colaboración da USC coa contorna	15.000,00	15.000,00	30.000,00
3.5. Accións de mellora da Fundación Rof Codina	220.000,00	220.000,00	440.000,00
3.6. Mellora das aplicacións informáticas de xestión económica e de persoal da actividade investigadora	75.000,00	120.000,00	195.000,00
3.7. Accións de internacionalización	100.000,00	100.000,00	200.000,00
3.8. Campus de verán XuvenCiencia	10.000,00	10.000,00	20.000,00
3.9. Accións de divulgación científica	50.000,00	20.000,00	70.000,00
3.10. Xornadas especializadas de investigación	8.000,00	8.000,00	16.000,00
3.11. Foro de divulgación científica	20.000,00	20.000,00	40.000,00
Subtotal 3	620.635,00	615.000,00	1.235.635,00
4. ACCIÓNS MELLORA DAS TITULACIÓNS DE GRAO, MESTRADO E DOUTORAMENTO			
4.1. Accións para a mellora da calidade dos graos acreditados	60.000,00	60.000,00	120.000,00
4.2. Accións para a mellora da calidade dos mestrados acreditados	121.000,00	121.000,00	242.000,00
4.3. Accións de mellora das competencias transversais nos estudos de doutoramento	50.000,00	50.000,00	100.000,00
4.4. Accións relacionadas con selos internacionais de calidade	23.600,00	3.600,00	27.200,00
4.5. Accións difusión graos en Empresa e Tecnoloxía e Xestión Cultural	3.000,00	3.000,00	6.000,00

4.6. Redacción do proxecto de execución para a reforma e ampliación do Complexo Docente para o traslado da Facultade de Formación do Profesorado	85.426,76	0,00	85.426,76
Subtotal 4	343.026,76	237.600,00	580.626,76
5. ACTUACIÓNS EN INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DE I+D+I			
5.1. Segunda fase da reforma integral do Observatorio Astronómico Ramón María Aller	0,00	172.788,00	172.788,00
5.2. Adecuación de espazos para investigadores no pavillón 4 da Facultade de Veterinaria	150.000,00	0,00	150.000,00
5.3. Reordenación e acondicionamento de espazos de investigación no Campus Sur de Santiago de Compostela	103.450,00	1.060.405,00	1.163.855,00
5.4. Mobiliario para os espazos expositivos vinculados á Rede de Centros de Divulgación	20.000,00	0,00	20.000,00
Subtotal 5	273.450,00	1.233.193,00	1.506.643,00
TOTAL (€)	4.065.436,70	5.232.593,12	9.298.029,82

SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración en I+D+i (5) coa Universidade de Santiago de Compostela para o período 2025-2026, tal e como se detallan a continuación:

1. Renovación de infraestruturas científico-técnicas básicas de interese xeral

A Universidade de Santiago de Compostela, no marco do Subprograma Estatal de Infraestruturas e Equipamento Científico-Técnico do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia e, en concreto, na convocatoria realizada na anualidade 2024, obtivo 9 proxectos de instalación de infraestruturas por un importe máximo total de 4.699.062,58€. A Axencia Estatal de Investigación, no marco das axudas mencionadas, concedeu ata un 60% da contía mencionada en concepto de anticipos reembolsables. Neste convenio, subvenciónase o cofinanciamento do 40% restante.

O resultado detallado da convocatoria é o seguinte:

Infraestrutura/ Equipamento	Unidade/ Centro beneficiario da instalación	Importe máxi- mo considera- do financiable pola AEI (€, IVE incluído)	Anticipo reem- bolsable FEDER concedido á USC (60%)	Importe solici- tado á Xunta para cofinan- ciar a adquisi- ción (40%)
Adquisición dun espec- trómetro de masas MAL- DI TOF/TOF	Área de Infraestruturas de Investigación – Unidade de Espectrometría de Ma- sas e Proteómica	700.000,00	420.000,00	280.000,00
Instalación de acuarios para experimentación con peixe cebra (Danio rerio) e	Área de Infraestruturas de Investigación – Unidade de Experimentación Ani-	188.723,70	113.234,22	75.489,48

killifish (Nothobranchius furzeri)	mal e CEBIOVET			
Irradiador preclínico de pequenos animais para estudos traslacionais en radioterapias innovadoras (InnovaRT)	Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA) e CIMUS	727.487,09	436.492,25	290.994,84
Adquisición de sistemas de Computación, Teledetección e Modelado 3D	CISPAC (USC, UdC, UVigo) e Facultade de Xeografía e Historia	149.661,81	89.797,08	59.864,73
Plataforma ultrasensible de inmunoensaio multiplexado por quimioluminiscencia	CIMUS e INNOPHARMA	141.389,71	84.833,82	56.555,89
Sistema de detección ultrasensible de eDNA	iARCUS - Instituto de Investigación do Medio Acuático para Unha Saúde Global	157.300,00	94.380,00	62.920,00
Sistema de extracción automatizada en liña con cromatografía líquida de alta resolución e espectrometría de masas de ultra-alta sensibilidade	iARCUS - Instituto de Investigación do Medio Acuático para Unha Saúde Global	454.734,88	272.840,92	181.893,96
Adquisición dun microscopio electrónico de transmisión de alta resolución	Área de Infraestruturas de Investigación – Unidade de Microscopía Electrónica e Confocal	1.875.500,00	1.125.300,00	750.200,00
Gabinete de Lingüística experimental. Infraestrutura para a investigación experimental na esfera das Letras	Área de Infraestruturas, de investigación. Usuarios Facultades de Filoloxía, Psicoloxía, Ciencias da Educación e CITIUS	304.265,39	182.559,23	121.706,16
TOTAL (cifras con IVE incluído*)		4.699.062,58	2.819.437,52	1.879.625,06

* O IVE é un gasto elixible na convocatoria de 2024

No marco deste convenio, o importe a financiar por anualidade sería o seguinte:

Anualidade	Importe
2025	825.824,94
2026	1.053.800,12
Importe total	1.879.625,06

2. Estruturas de investigación e retención de talento

A finalidade desta actuación é reforzar os centros de investigación e a captación de talento para potenciar a actividade investigadora de excelencia.

As liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 definen como unha prioridade a **Captación e Retención de Talento Investigador** desde o convencemento de que a nosa Universidade constitúe un contorno científico e académico de primeiro nivel no contexto universitario español para impulsar a carreira científica dos xoves investigadores. Tamén é un obxectivo nesta Programación a potenciación e consolidación

dos centros para que posúan un certo grao de liberdade nas políticas propias de investigación.

Por conseguinte, constitúe un dobre obxectivo,

- Crear as condicións máis favorables para impulsar a incorporación de investigadores recoñecidos en todas as áreas de coñecemento da USC, contribuíndo deste xeito a enriquecer a masa crítica científica e a base académica institucional. Incentivar a incorporación de novos perfiles científicos críticos en áreas de I+D de carácter estratéxico nos procesos de especialización dos Campus, e Centros ou unidades de investigación de referencia.
- Potenciar o desenvolvemento dos centros de investigación que estean en proceso de reformulación ou estean pendentes do rexistro autonómico e a súa acreditación científica para aumentar a súa competitividade e consolidarse como referentes no seu ámbito.

De acordo con estas premisas, neste Convenio propóñense varias accións dedicadas a reforzar os programas de captación e retención de talento da USC e a consolidación dos centros.

Apoio á incorporación de talento a USC

Esta acción está dirixida ao apoio na incorporación de persoal investigador consolidado en convocatorias como Ramón y Cajal ou Beatriz Galindo.

O obxecto da acción é cubrir os seus gastos iniciais para o inicio das súas investigacións e a súa integración no centro de investigación ao que se vinculen dada a experiencia de anos anteriores, que resultou positiva.

O persoal investigador captado a través destes programas provén de universidades ou centros de investigación alleos e precisan dun pequeno financiamento para os gastos máis urxentes que lles permita comezar o desenvolvemento da súa actividade, como funxibles, desprazamentos, pequeno equipamento, etc.

Importe da actuación: 200.000€ (100.000 € por ano)

Apoio á participación en convocatorias específicas de carácter internacional

A Unión Europea conta con diversos instrumentos para financiar actividades de I+ D, innovación e transferencia de coñecemento, accesibles á investigación universitaria. Estamos a falar do Programa Marco, actualmente Horizonte Europa e dentro do mesmo as axudas financiadas polo European Research Council, así como dos programas de Cooperación Territorial (Interreg) ou o programa Erasmus+, nos que moitos grupos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela veñen participando, nalgúns casos con niveis de éxito moi destacables.

Tras a aprobación do Marco Financeiro Plurianual (MFP) da Unión Europea para o período 2021 - 2027, entraron en vigor, xa desde o ano 2021, diferentes programas como Horizonte Europa (HORIZON), Erasmus+ ou LIFE que xa veñen publicando con-

vocatorias nas súas distintas prioridades, e desde o 2022 contamos con convocatorias en varias modalidades do Programa Interreg.

Unha das claves do éxito dunha proposta é traballar con tempo suficiente, dada a complexidade dos proxectos, mais tamén é clave presentar cada proxecto no programa mais adecuado.

Un dos obxectivos da Área de Promoción e Estratexia Científica da Vicerreitoría de Política Científica é impulsar a participación da USC nas convocatorias dos distintos programas europeos e asistir aos grupos de investigación nas diferentes etapas da elaboración dunha proposta, desde a identificación do programa máis adecuado, a busca de socios, a elaboración do orzamento ou a supervisión de acordos e identificación de apoios específicos.

Por estes motivos, desde a Área organizaranse unha serie de presentacións dos diversos programas financiadores da I+ D+ I de ámbito europeo, nas que se pretende dar unha visión xeral, resolver dúbidas, e informar sobre algúns dos recursos que a USC e outras administracións públicas teñen para fomentar a participación e mellorar a elaboración das propostas.

Esta liña de axudas pretende impulsar a participación dos grupos de investigación nas diversas convocatorias de proxectos de investigación competitivos, a nivel europeo e, así mesmo, potenciará a petición de proxectos europeos nos que a USC sexa líder. A complexidade dos proxectos, os traballos previos a realizar, por exemplo á hora de constituír consorcios, fai necesario contar con apoios externos que complementen as capacidades propias internas.

Importe da actuación: 60.000€ (30.000€ por ano)

Apoio ás estruturas de investigación

A estratexia de I+D+I da USC, centrada na excelencia, o impacto e a proxección social, cultural e económica, e aliñada coas prioridades autonómicas, estatais e europeas, permitiu desenvolver e articular capacidades de I+D+I arredor dos Campus de Especialización, Centros Singulares de Investigación -agora dentro da Rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (RedeCIGUS)-, e os Institutos de Investigación.

As estratexias de apoio á ciencia e á tecnoloxía, tanto europeas e estatais como autonómicas, desenvolven marcos de organización e financiamento da investigación universitaria que se articulan sobre a colaboración entre persoal, primando a interdisciplinariedade e a transdisciplinariedade. O obxectivo é o de xerar masa crítica suficiente arredor de prioridades científicas, reforzar a investigación de excelencia, tanto de carácter básico como aplicado, e acadar un maior impacto e proxección social da actividade investigadora.

Durante os últimos anos a USC desenvolveu un programa de apoio ao desenvolvemento e consolidación de estruturas de investigación, concretamente centros e institutos, sobre as que vertebrou a estratexia de I+D+I da institución.

Para continuar coa estratexia, esta acción pretende apoiar ás estruturas (centros e institutos) que actualmente non pertencen á mesma, e que non teñen financiación basal da Xunta de Galicia. Segundo o seu nivel de maduración, distínguense entre centros e institutos consolidados, emerxentes e en reformulación/nova creación, de forma que a intensidade da axuda e as actividades a desenvolver por cada un deles atenderá a esta clasificación.

Os centros/institutos de investigación que recibirán financiamento nesta acción son:

CONSOLIDADOS	EMERXENTES	REFORMULACIÓN/ NOVA CREACIÓN
CITMAGA - Centro de Investigación e Tecnoloxías Matemática de Galicia	iHUS – Instituto de Investigación en Humanidades	iLTIUS - Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC
CISPAC - Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais	iPSIUS – Instituto de Psicoloxía	Nova creación Instituto de investigación Saúde Global (Campus Terra)
iMATUS - Instituto de Materiais		Reformulación dos institutos de Criminoloxía e Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro (INCIFOR)
iARCUS - Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global		Reformulación do Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
IBADER – Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural		
IDEGA – Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia		

Centros e institutos de investigación CONSOLIDADOS: estruturas que contan cunha traxectoria consolidada. Algúns destes centros e institutos xa concorreron a algunha convocatoria de financiamento estrutural de centros, tanto nacional como autonómica, sen ter acadado a axuda correspondente.

Centros e institutos de investigación EMERXENTES: centros creados nos últimos 3 anos que están iniciando a súa actividade, en proceso de crecemento e posicionamento na contorna.

Centros e institutos de investigación NOVA CREACIÓN OU REFORMULACIÓN: os institutos en proceso de reformulación son aqueles que se atopan en proceso de cambio na súa organización e xestión para adecuarse ás boas prácticas na xestión eficiente de centros, seguindo os modelos da RedeCIGUS. Os institutos de nova creación son os que, por motivacións estratéxicas, se están a crear neste momento, desenvolvendo unha axenda científica sólida e un plan de acción para os próximos anos.

A USC destinará ás accións de apoio ás estruturas descritas, propostas e lideradas polos propios centros, un total de 1.200.000 euros nos anos 2025 e 2026.

A asignación dos fondos responderá aos seguintes criterios:

- Todos os centros/institutos, incluíndo reformulación/nova creación, recibirán un financiamento mínimo, diferente segundo o grado de consolidación dos mesmos, que lles permita dotarse dunha estrutura de xestión.
- O resto do orzamento repartirase en función da calidade e intensidade da actividade investigadora e de transferencia do coñecemento nos dous últimos anos, dividida entre o persoal vinculado ao mesmo, valorando positivamente o crecemento cualitativo e cuantitativo desta actividade.

Tipo de centro/instituto	Contía mínima/ano	Contía máxima/ano
Consolidados	40.000€	75.000€
Emerxentes e en reformulación	22.500€	35.000€
Nova creación	15.000€	20.000€

Ademais, dotarase unha partida orzamentaria para a vicerreitoría con competencias en investigación reservada a accións de gobernanza, xestión estratéxica e documentación de inicio de actividade (avaliación, reunións iniciais, documentación estratéxica). O orzamento anual reservado para tal fin será de 15.000€.

Para recibir o financiamento descrito segundo os criterios establecidos, os centros/institutos deberán propor un plan de actuación coas actividades a realizar, xustificando a súa contribución á consolidación do centro ou instituto. No caso de ter recibido financiamento en convocatorias anteriores valorarase o cumprimento das actuacións propostas para a obtención dese financiamento. Todo o orzamento recibido deberá dedicarse ao financiamento de actuacións concretas.

Dentro do plan de actuación proposto polos centros/institutos, **darase prioridade ás seguintes actividades:**

- Convocatorias **internacionais** de I+D: apoio á elaboración de propostas de proxectos en convocatorias Internacionais de I+D.
- Proxectos **colaborativos** de investigadores **mozos**: a través dunha convocatoria interna de concorrencia competitiva, financiaranse pequenos proxectos de I+D colaborativos liderados e integrados por persoal investigador posdoutoral, nos que sexa obrigatorio a colaboración de dous ou mais ámbitos de especialización do centro ou instituto.
- Accións de apoio á captación e consolidación do **talento**: neste apartado poderá financiarse a mobilidade internacional de estudantes de doutoramento (para obter a mención internacional), a mobilidade internacional de persoal investigador posdoutoral, e a convocatoria de bolsas de iniciación á investigación para estudantes de máster.

- Fomento e promoción da **actividade de transferencia**: valoraranse as propostas que desenvolvan un plan de acción para o contacto co tecido empresarial, social e cultural que permita o desenvolvemento de actividades de transferencia.
- Apoio á **xestión e gobernanza** do centro ou instituto: neste apartado poderán incluírse os gastos asociados ás reunións dos comités asesores científicos externos (CACE/SAB) e as avaliacións do persoal investigador nos procesos de vinculación, de ser o caso. Tamén poderá co-financiarse o custo do persoal de xestión asociado ao centro ou instituto, previo informe favorable da Vicerreitoría con competencias en investigación, sen prexuízo do financiamento mínimo para crear estrutura.
- Accións de **formación e divulgación**, e fomento da imaxe corporativa: poderanse financiar gastos asociados a accións de formación específica ou transversal, organización de simposios/conferencias de investigadores mozos, xornadas de portas abertas, ou outras accións de divulgación similares as anteriores. Ademais, poderase financiar a elaboración de material de *merchandising* e cartelería para usar nos eventos de divulgación como as xornadas de portas abertas, o mantemento das páxinas web propias dos centros ou institutos, ou a elaboración de vídeos promocionais, entre outros.

Importe da actuación: 1.200.000€ (600.000€ no 2025 e 600.000€ no 2026)

Medidas complementarias de apoio aos centros CIGUS

A continuación recóllese un resumo das actuacións propostas por cada centro:

- a) Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS)

ACTIVIDADE	2025	2026	TOTAL
Bloque 1: Potenciar Talento Emerxente e actividades colaborativas	110.000,00 €	110.000,00 €	220.000,00 €
Bloque 2: Xerar un plan maestro de estrutura organizativa e financeira	25.000,00 €	25.000,00 €	50.000,00 €
Bloque 3: Fortalecer áreas de internacionalización e transferencia	105.000,00 €	105.000,00 €	210.000,00 €
TOTAL	240.000,00 €	240.000,00 €	480.000,00 €

- b) Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS)

		2025		2026	
		Unid.	Importe	Unid.	Importe
DESENVOLVEMENTO INSTITUCIONAL					
D1 Gobernanza e organización					
	Mellora de edificio e instalacións	1	25.000		
TALENTO					
T1 Desenvolvemento Profesional					
	Programa de Mentoring e titores	1	1.000	1	1.000
	Proxectos colaborativos	4	36.000	4	36.000
	Mobilidade postdoc	6	9.000	6	9.000
	Mobilidade predoc	4	14.000	4	14.000
T2 Atracción					
	Contrato de iniciación	4	40.000	4+4	152.000
	Bolsas de inicio á investigación	10	12.000	10	12.000
INNOVACIÓN E SOCIEDADE					
T1 Organización de Xornadas científico-técnicas					
	Eventos con stakeholders	2	2.000	2	2.000
T2 Comunicación					
	Impulsar a marca CRETUS	1	3.000	1	3.000
T3 Accións divulgativas					
	Programa de divulgación educativa	1	1.500	1	3.000
	Programa de divulgación científica	1	1.000	1	3.000
	Xornada de portas abertas	1	12.000	1	12.000
	TOTAL		156.500 €		247.000 €

c) Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS)

Anualidade 2025

CONCEPTO	ESTIMACIÓN
Desenvolvemento de pilotos tecnolóxicos	150.000 €
Organización de eventos científicos e divulgativos, elaboración de materiais de divulgación científica relacionados coas liñas de investigación do CiTIUS	75.000 €
Bolsas de verán	15.000 €
Equipamento de computación	50.000 €
Licenzas de Software	15.000 €
Pequeno funxible equipamento	15.000 €
Total	320.000 €

Anualidade 2026

CONCEPTO	ESTIMACIÓN
Desenvolvemento de pilotos tecnolóxicos	150.000 €
Organización de eventos científicos e divulgativos, elaboración de materiais de divulgación científica relacionados coas liñas de investigación do CiTIUS	75.000 €
Bolsas de verán	15.000 €
Equipamento de computación	50.000 €
Licenzas de Software	15.000 €
Pequeno equipamento funxible	15.000 €
Total	320.000 €

d) Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)

ACTIVIDADE	2025	2026	TOTAL
Contratación dun/ha Técnico/a Superior de Xestión para soporte dos programas de talento e divulgación científica	50.000,00 €	50.000 €	100.000,00 €
Contratación dun Técnico Superior de Xestión para a coordinación do Plan de Ciencia e Tecnoloxías Cuánticas	50.000,00 €	50.000 €	100.000,00 €
Cofinanciación do programa Global Talent do IGFAE	50.000,00 €	50.000 €	100.000,00 €
Adquisición de consumibles de laboratorio	20.000,00 €	20.000,00 €	40.000,00 €
Programa de estudantes de verán "IGFAE Summer Fellowships"	12.000,00 €	12.000,00 €	24.000,00 €
Programa de portas abertas do centro	12.000,00 €	12.000,00 €	24.000,00 €
Adquisición do mobiliario para a nova sede do IGFAE	150.000,00 €	150.000,00 €	300.000,00 €
TOTAL	344.000,00 €	344.000,00 €	688.000,00 €

e) Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS)

Anualidade 2025

CONCEPTO	ORZAMENTO 2025
Programa CiQUS Disrupt	10.000,00 €
CiQUS Value	5.000 €
Programa CiQUS Synergy	35.000 € (dotación 2025 das axudas aprobadas en 2024)

	65.000 € <i>(dotación 2025 para as novas axudas aprobadas en 2025)</i>
Formación Científica	15.000 €
Mantemento de Infraestruturas científico-técnicas	50.000 €
Xornada de portas abertas e bolsas de verán	24.000 €
Total	204.000,00 €

Anualidade 2026

CONCEPTO	ORZAMENTO 2026
Programa CiQUS Disrupt	10.000,00 €
CiQUS Value	5.000 €
Programa CiQUS Synergy	35.000 € <i>(dotación para 2026 para as axudas aprobadas no 2025)</i>
Mobilidade Internacional	15.000 €
Formación Científica	15.000 €
Mantemento de Infraestruturas científico-técnicas	100.000 €
Xornada de portas abertas e bolsas de verán	24.000 €
Total	204.000 €

Importe da actuación: 2.619.500€ (1.264.500€ en 2025 e 1.355.000€ no 2026)

Diagnóstico e folla de ruta sobre a personalidade xurídica dos centros CIGUS

A Rede CIGUS, integrada na actualidade por 10 centros de investigación dependentes das tres universidades públicas galegas, é unha estrutura promovida pola Xunta de Galicia para fortalecer e potenciar a investigación de excelencia universitaria.

O seu grao de consolidación no ámbito científico é alto, despois de dúas convocatorias nos anos 2016 e 2019 e á vista do volume de recursos que mobilizan e do persoal adscrito a estes centros, preto de 1.500 investigadoras e investigadores. Isto confirma que o peso crecente do financiamento da I+D universitaria constitúe una panca para o impulso da investigación en excelencia e que a Rede CIGUS visibiliza a investigación universitaria de excelencia desenvolvida no territorio que se concreta nunha firme aposta polo crecemento económico, o benestar social e o desenvolvemento futuro de Galicia.

Proba deste grao de madurez é a obtención por parte de dous deses centros do recoñecemento como unidades de excelencia no marco da convocatoria estatal de Centros de Excelencia «Severo Ochoa» e Unidades «María de Maeztu», en concreto o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) e o Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS). Isto supón o financia-

mento dos seus programas estratéxicos de investigación para un período de catro anos, co obxectivo de consolidar as súas capacidades e contribuír ao liderado da investigación en España.

Porén, a xestión do funcionamento diario destes centros, inserida no marco legal e orzamentario das universidades públicas, é complexa e non se adecúa aos ciclos da investigación e, en especial, á súa forma de financiamento, ralentizando en ocasións a actividade investigadora pola falta de solucións adaptadas ás súas particularidades.

Cómpre avanzar en posibles solucións que axilicen e simplifiquen a xestión, sen perder de vista o rigor e os principios básicos polos que se deben rexer os entes do sector público. Unha posible vía é a dotación de personalidade xurídica propia, explorando para este caso a figura máis idónea.

Esta actuación consistirá na elaboración por parte de persoal experto dun informe-guía sobre a dotación de personalidade xurídica aos dous centros CIGUS con recoñecemento María de Maeztu e as posibles implicacións legais, económicas e técnicas, así como os pasos a dar no caso de que a Universidade acorde levar a cabo esta transformación.

Ademais do anterior, o orzamento solicitado cubrirá posibles desprazamentos para analizar modelos de similar natureza así como encontros dentro do SUG para poñer en común os avances que se vaian producindo.

O total desta actividade a financiar ascende a 16.000 € (8.000 € en cada anualidade).

3. Accións Transversais I+D+i

Axudas de Investigación

Axudas a congresos e reunións científicas

a) CONMEMORACIÓN DOS CINCUENTA ANOS DA FACULDADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela fai, no ano 2025, cincuenta anos da súa creación.

Nun ano de profundas mudanzas na oferta académica e comunitaria, e na secuencia destes cincuenta anos, ábrese deste modo unha oportunidade única para ser aproveitada tanto para o balance e reflexión da súa actividade. E isto en todas as dimensións da actividade, docente, investigadora, de transferencia e de extensión.

No marco deste Convenio, solicítase apoio económico para as seguintes actividades:

1. O Libro conmemorativo 50.º aniversario; inclúe a historia da facultade e é un libro basicamente coral, que recollerá os comentarios e entrevistas de persoas (estudantes, docentes, persoal da administración e servizos) que pasaron pola facultade ou nela teñen a súa actividade ao longo destes 50 anos.

- Autor: 4.500 euros
- Maquetaxe, edición e impresión: 5.750 euros

Total: 10.250 €

2. A Producción de vídeos:

Produciranse tres vídeos: un dedicado á docencia, outro á investigación e outro á transferencia que é feita nesta facultade, destinados ao público en xeral, e, en particular, a todos os centros de ensino secundario, ás empresas e entidades que acollen o noso estudiantado en prácticas.

Total 7.260,00 €

3. Convergencias 2025

A Facultade está preparando un volume que recolle os traballos presentados no cadro das xornadas *Convergencias 2024: Filoloxía, onte, hoxe e mañá: lingua, literatura, cultura. Formulacións teóricas, analíticas e/ou aplicadas*, celebradas entre os días 2 e 4 de decembro de 2024.

Este volume constitúe unha mostra significativa da actividade investigadora desenvolvida no seo da nosa facultade. Trátase da quinta edición das xornadas, que neste curso académico se integraron na programación conmemorativa do 50.º aniversario do centro. Nelas, tanto o persoal docente e investigador (PDI) como o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS), xunto co estudiantado, deron a coñecer os seus proxectos e avances de investigación en ámbitos diversos da filoloxía.

Cómpre destacar especialmente a participación do estudiantado, cuxos traballos, sempre so a supervisión do profesorado, contribuíron a reforzar a dimensión docente e investigadora do evento. A conexión entre docencia e investigación materializouse en achegas que, partindo de materias de grao ou posgrao, acadaron formulacións analíticas ou aplicadas de interese académico.

Total: 3.125 €

O total desta actividade a financiar ascende, polo tanto, a 20.635 €.

b) AXUDAS Á CELEBRACIÓN DE CONGRESOS E REUNIÓN S CIENTÍFICAS

Por outra banda, a propia Universidade destina axudas á celebración de congresos e reunións científicas que permiten dar visibilidade á investigación e á divulgación científica, afianzando a marca USC na súa faceta relacionada coa I+D. A convocatoria estará dotada anualmente con 40.000 €.

Importe da actuación: 100.635€ (60.635 € en 2025 e 40.000 € en 2026)

ii. Axudas á difusión da investigación

Como parte fundamental do papel de transferencia da investigación que xogan as vintetres revistas da USC –editadas dixitalmente dende 2012 no [Portal Dixital de Re-](#)

vistas da USC—, e en atención ao seu potencial de prestixio e atracción internacional da propia institución, a Universidade fai unha aposta decidida polas súas revistas académicas e científicas, que, no actual escenario dixital, houberon de acomodar as formas tradicionais dunha revista científica impresa a novas e complexas ferramentas dixitais de edición, hoxe estandarizadas nos máis esixentes contextos da edición universitaria, académica e científica internacionais. As revistas da USC, editadas na súa totalidade en acceso aberto dende 2020, contribúen dunha maneira estratéxica ao fortalecemento da ciencia aberta (*Open Science*), promovida por universidades públicas, axencias, programas institucionais e directivas da Unión Europea, na liña da denominada *ruta diamante* do acceso aberto, na que se sitúan revistas sometidas a rigorosos procesos de revisión por pares e financiadas por institucións, organizacións ou unidades académicas cuxa misión principal é realizar, financiar ou promover actividades de investigación científica e académica.

Diante, pois, do impacto e visibilización que as revistas científicas editadas pola USC achegan á institución, resulta indispensable, ademais de articular políticas editoriais específicas de natureza institucional cara ás mesmas por parte da USC, un investimento suficiente non só para a implementación senón, o que é inevitable, a actualización permanente dos ecosistemas tecnolóxicos de última xeración (nomeadamente o software Open Journal Systems 3.0 con formato de preservación de metadatos JATS e de saída xml e pdf), que non só faculden senón impulsen e incrementen progresivamente a penetración académica, presenza destacada en índices de citas e bases de datos, en definitiva, a súa calidade, competitividade na primeira liña do ámbito científico das súas respectivas disciplinas, como indicadores rigorosos da actividade investigadora das universidades.

Importe da actuación: 44.000€ (22.000€ por ano)

Accións de dinamización da transferencia da investigación

Programa de Estímulo á Transferencia en Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas

A AVTE dende o ano 2012 ten operativo o “Acelerador de Transferencia” co propósito de levar a cabo as accións necesarias para cubrir a fenda entre os resultados de un proxecto de investigación e un coñecemento o suficientemente maduro para que resulte de interese a unha empresa ou outro axente externo, co obxectivo de aumentar as posibilidades de transferencia e, polo tanto as oportunidades para que o coñecemento xerado na USC teña impacto social e económico. Nos anos que se leva convocando este programa só se presentou unha candidatura da área de Ciencias Humanas e ningunha das áreas de Ciencias Sociais, Humanas e Xurídicas. Por este motivo, dende a AVTE deseñouse o “Programa de Estímulo á Transferencia en Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas”, co mesmo espírito que o “Acelerador de Transferencia”: cubrir a fenda existente entre os resultados investigación de proxectos con alta capacidade de ser transferidos a outra entidade pública ou privada, a

través da financiación que permita a adaptación ás necesidades de comercialización ou transferencia á sociedade de ditos resultados.

A primeira edición deste programa realizouse na anualidade 2024, á que candidataron 32 proxectos dos que foron elixidos, por un comité externo á USC, 7 de eles para o seu financiamento. Algúns exemplos dos proxectos financiados son o desenvolvemento de software para avaliación de competencias, App para consumo responsable de auga ou Adaptación tecnolóxica dun plató virtual da USC para prestación de servizos a produtoras, robots de telepresencia na aula para nenos con enfermidades crónicas ou de longa duración, etc. Con estes proxectos estase traballando, cunha alta porcentaxe de éxito, para firmar diversos acordos de licenza con outras entidades para a comercialización e implementación dos mesmos nunha terceira entidade. Os recursos do presente convenio destinaranse ó financiamento da nova edición de 2025 que se complementará con recursos propios da USC.

Importe da actuación: 50.000€ (25.000€ no 2025 e no 2026)

Accións selo de excelencia

En xuño de 2023 a Universidade de Santiago de Compostela renovou o Selo HRS4R, HR Excellence in Research, outorgado pola Unión Europea a aquelas institucións científicas comprometidas cunha estratexia de recursos humanos de investigación acordes co European Charter for Research e o Code of Conduct for the Recruitment of Research.

A USC, seguindo a folla de ruta marcada pola Estratexia de transparencia e igualdade de oportunidades nos recursos humanos de investigación, foi pioneira en Galicia na posta en marcha dun sistema de convocatorias públicas para a contratación de persoal investigador, e tamén, a nivel nacional, é pioneira na creación dun marco organizativo que permite a estabilidade do persoal investigador contratado, acorde coa normativa laboral aprobada o pasado ano.

O seguimento e mantemento do Selo HRS4R, e a mellora na xestión dos recursos humanos de investigación, son unha peza fundamental na estratexia de I+D da USC, favorecendo a captación de talento a nivel internacional. O selo conta cun [Plan de Acción](#) para o período 2022-2025 que se desenvolve en torno a sete prioridades que engloban aproximadamente 420 accións, das cales unha ducia dan continuidade ás iniciadas no plan anterior.

O correcto desenvolvemento deste Plan de Acción precisa do mantemento operativo dun comité técnico, formado por persoal directivo de diferentes áreas (Xerencia, Xestión de I+D, Estratexia Científica, Comunicación, Xestión de Persoal, ...) que está a ser apoiado por asesoramento externo especializado, co obxectivo de levar a cabo unha correcta implementación do devandito plan.

O orzamento para esta liña de actividade destinarase á contratación do servizo de asesoramento externo, a organización da visita do comité avaliador da Comisión Europea, o desenvolvemento de accións de difusión, e a organización de accións de for-

mación interna orientadas tanto ao persoal investigador como ao persoal de xestión da USC.

Importe da actuación: 30.000€ (15.000€ en 2025, e 15.000 en 2026)

Promoción da colaboración da USC coa contorna

Cando desde as universidades e as institucións públicas analízase o proceso de transferencia dos resultados da investigación universitaria á contorna empresarial, detéctase que existe unha dificultade recorrente de manter vías de interrelación fluídas e que se sosteñan no tempo, e as veces, de ser capaces de trasladar de forma eficiente e entendible, a linguaxe tecnolóxica e científica. Nas pasadas décadas, son innegables os avances producidos, tanto por unha maior implicación das pequenas e medianas empresas nas actividades de I+D, antes orientadas ás grandes empresas, como pola creación dun ecosistema de estruturas de interface, como os clústeres empresariais, os *hubs*, ou os centros tecnolóxicos sectoriais.

As accións que se formulan teñen como obxectivo dar a coñecer, de forma dirixida, as capacidades en materia de investigación da USC e a transferibilidade dos seus resultados, analizando e seleccionando o conxunto de empresas obxectivo e estruturas empresariais, mediante distinto tipo de actividades:

Reunións e visitas a empresas/institucións/asociación empresariais que serán seleccionadas mediante a identificación daquelas activas en ámbitos de investigación no que a USC conte con capacidades destacables.

Realización de eventos sectoriais, principalmente con clústeres empresariais, para dar a coñecer os resultados de investigación da USC que sexan de interese nun ámbito determinado, destacando as potencialidades de colaboración da USC.

Participación en eventos sectoriais como os Galicia Biodays ou o evento anual Transfiere, e promoción das capacidades da USC en revistas online profesionais e sectoriais, como código cero.

Importe da actuación: 30.000€ (15.000€ en 2025, e 15.000 en 2026)

Accións de mellora da Fundación Rof Codina

A Fundación Rof Codina é a entidade xestora tanto do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) como do CEBIOVET que son elementos chave para que o Campus Terra alcance e manteña un nivel de excelencia que o coloque como referente científico e social nos ámbitos de coñecemento vinculados á sustentabilidade económica, social e medioambiental do uso da terra, posto que a investigación se configura como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento.

O CEBIOVET é un centro de investigación que permite levar a cabo nas súas instalacións proxectos de investigación que utilicen animais medianos e grandes. O HVU-RC

é o hospital da Facultade de Veterinaria de Lugo, sendo un centro de referencia no eido das ciencias veterinarias.

Co propósito de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica, a USC pretende asinar coa Consellería un convenio para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026. Este convenio estaría encadrado dentro da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027 que ten como metas evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostenible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

Dentro das accións transversais de I+D+i que se pretenden recoller neste convenio estaría o epígrafe "Accións de Mellora da Fundación Rof Codina". Estas accións teñen o seguinte orzamento no período 2025-2026:

Accións Transversais de I+D+i	2025	2026	Total 2025-2026
Accións de mellora da Fundación Rof Codina	220.000 €	220.000 €	440.000 €

Os recursos previstos neste apartado, distribuiranse da seguinte forma:

- a) Obras de adecuación e acondicionamento do centro CEBIOVET e do HVU-RC:
O centro foi inaugurado no ano 2016, algunhas das súas dependencias necesitan ser adecuadas ás novas necesidades xurdidas desde a apertura do centro. Estas actuacións van enfocadas á mellora da bioseguridade, a incrementar o benestar dos animais aloxados no centro e a mellora da eficiencia enerxética e térmica do edificio.
Por outra banda, o edificio do HVU-RC foi construído no 1991, aínda que no 2017 foi realizada unha mellora das instalacións, deben realizarse actuacións para mellorar a eficiencia enerxética e térmica para poder desenvolver de mellor modo as actividades docentes e de investigación que se realizan neste centro.
- b) Contratación de persoal colaborador en formación. Dentro das misións da Fundación Rof Codina a principal é a colaboración coa docencia e o fomento da investigación na área das ciencias veterinarias. Para conseguir unha continua mellora destas ciencias é necesario a formación de alumnado para contribuír a que nun futuro poidan desenvolver tarefas de I+D+i no eido da biomedicina. Por iso, alumnado de cursos da Universidade de Santiago de Compostela de especialización para graduados/as de Veterinaria realiza a formación práctica destes cursos nas instalacións da Fundación. Esta formación práctica realízase baixo a modalidade de contratos formativos. Para esta mellora das ciencias é necesaria a formación de persoal técnico, por iso, na Fundación tamén se colabora na formación práctica de alumnado de graos superiores de Formación Profesional dos centros dependentes da Consellería do

Medio Rural, tamén baixo a figura de contratos formativos ligados á realización de formación regradada.

- c) Adquisición de equipamento científico para o desenvolvemento da actividade investigadora. Para o desenvolvemento dos labores de I+D+i é necesario adquirir equipos que substitúan equipamentos obsoletos ou equipos novos que permitan realizar técnicas que ata agora non era posible realizar.

Importe da actuación: 440.000€ (220.000€ por ano)

Mellora das aplicacións de xestión económica e de persoal da actividade investigadora

A USC utiliza varias ferramentas especializadas na xestión da investigación ademais das ferramentas de xestión económica e de persoal de carácter xeral que se utilizan no resto de xestións administrativas. Estas ferramentas son precisas para dar apoio ao persoal que da soporte aos investigadores nas convocatorias e posteriormente na xestión e xustificación das diferentes actividades.

Non é fácil atopar aplicacións no mercado polo que estas ferramentas de apoio son desenvolvementos propios á medida das necesidades dos diferentes servizos. Algunhas delas derivan de proxectos iniciados nos anos 90 e precisan dunha renovación tecnolóxica profunda.

As actividades propostas son:

1. Desenvolvemento dunha auditoría funcional e deseño dunha arquitectura e modelo de aplicación para todos os procesos que dispoñen de apoio informático. O obxectivo é eliminar todas as pequenas aplicacións e unificalas cun modelo tecnolóxico único e moderno, que sexa fácil de manter e adaptable ás necesidades futuras.

Importe estimado: 30.000 € + IVE -Anualidade: 2025

2. Contratación dunha asistencia técnica para o mantemento correctivo e evolutivo das aplicacións en uso na actualidade. Mentres non se desenvolva o futuro proxecto é preciso manter e evolucionar as ferramentas dispoñibles.

Importe estimado: 45.000 € + IVE Anualidade: 2025

3. Desenvolvemento da primeira fase da migración tecnolóxica das aplicacións actuais ao "framework" da USC segundo o modelo funcional definido a partir da auditoría. Este proxecto se iniciaría cando remate a auditoría funcional e polo seu tamaño remataría a finais do 2026.

Importe estimado: 120.000 € + IVE - Anualidade: 2026

Importe da actuación: 195.000€ (75.000€ en 2025, e 120.000 en 2026)

Accións de internacionalización

A internacionalización contribúe a reforzar a reputación e calidade das institucións de educación superior e a aumentar a súa visibilidade e recoñecemento no ámbito

internacional. Neste contexto, tanto a Programación Plurianual 2023-2026 como o Plan de Internacionalización da USC 2024-2026 recollen nas súas liñas de acción a importancia de impulsar a internacionalización das actividades docentes, investigadoras e de transferencia desenvolvidas pola institución. A incorporación da Universidade de Santiago de Compostela á alianza de Universidades Europeas EUniWell (European University for Well-Being) no ano 2023, constitúe así mesmo un fito destacable no marco da súa estratexia de internacionalización. Neste marco de colaboración a USC afronta o reto de liderar as tarefas vencelladas ao paquete de traballo denominado “Investigación, innovación e emprendemento responsables”. A través da súa participación nesta alianza, a USC asume retos en materia de docencia, innovación, investigación e transferencia, o que lle permitirá desempeñar un papel fundamental no deseño de políticas con impacto notorio no benestar e calidade de vida da cidadanía a nivel local, europeo e global.

As accións propostas neste apartado do convenio servirán para reforzar a visibilidade internacional da USC, dando a coñecer a súa oferta docente e as súas capacidades no ámbito da investigación e da innovación; para impulsar a captación de estudantado e persoal investigador estranxeiro; para promover a participación da institución en proxectos e redes de docencia e investigación na contorna internacional; e para posicionarse como actor relevante no impulso ás políticas de investigación no ámbito do benestar.

As actividades que se financiarán no marco desta acción inclúen, entre outras, as seguintes:

- Participación en feiras e eventos de networking (establecemento de redes de contacto) e de captación promovidos por:
 - O Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), especialmente aqueles eventos orientados cara ás áreas de especial interese estratéxico para a nosa institución (Iberoamérica e países da África lusófona), en consonancia co seu Plan de Internacionalización 2024-2026.
 - Asociacións de educación superior de ámbito internacional (por exemplo, European Association for International Education-EAIE).
 - Asociacións e redes docentes e investigadoras de carácter transnacional.
- Promoción da USC a través do uso de plataformas e ferramentas dixitais co obxectivo de potenciar o seu posicionamento internacional e facilitar a atracción e captación de talento investigador.
- Participación dos distintos colectivos da USC (persoal docente e investigador, persoal investigador en formación, persoal técnico e estudantado) en eventos colaborativos, seminarios, talleres, conferencias e xornadas organizadas polas institucións da alianza de Universidades Europeas EUniWell.

- Acollida e organización de eventos académicos e institucionais vencellados á participación da USC na alianza EUniWell, no marco do seu papel como socio de pleno dereito e líder e impulsor de actividades vencelladas á investigación, a innovación e o emprendemento.
- Traballos de consultoría para a preparación de convocatorias competitivas de investigación nas que participe a USC no marco da alianza de Universidades Europeas EUniWell.

Importe da actuación: 200.000€ (100.000€ cada ano)

Campus de Verán XuvenCiencia

O Campus de Verán XuvenCiencia de Lugo é unha actividade divulgativa promovida e organizada polo Grupo XuvenCiencia Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía da USC, formado por profesorado de diferentes áreas e centros do Campus Terra de Lugo. Conta ademais coa colaboración, totalmente altruísta, dun amplo número de persoal docente e investigador e de persoal técnico.

Este programa de divulgación ten como obxectivos que o alumnado do ensino medio coñeza a ciencia e a tecnoloxía de primeira man, fomentar o seu interese polas titulacións científicas, técnicas, sociais e humanísticas e facilitarlles información que os oriente cara ao seu futuro nunha contorna de socialización que inclúe un programa científico de día, actividades lúdicas de tarde e noite e o aloxamento.

Esta iniciativa vai pola súa décima edición e participan arredor de 100 alumnos cada ano nunha programación con proxectos, obradoiros, concursos e decenas de actividades de lecer baixo a premisa de que teñan a oportunidade de mergullarse nalgunhas das liñas de investigación máis punteiras que están en marcha na actualidade no Campus de Lugo da USC.

Importe da actuación: 20.000€ (10.000€ no 2025 e 10.000 € no 2026)

Accións de divulgación científica

O Observatorio Astronómico Ramón María Aller (OARMA) é unha institución científica da USC situada no Campus Vida de Santiago de Compostela, que ten catro funcións: investigación, docencia, divulgación científica e sección de meteoroloxía. O profesor Docobo, actual editor da Circular de Estrelas Dobres da International Astronomical Union (IAU) foi, entre 2009 e 2012, presidente da Comisión de Estrelas Dobres de dito organismo, sendo o segundo español que ocupou por elección unha presidencia dentro da IAU. Agora en xuño vai ter lugar un Congreso Internacional de Mecánica Celeste organizado polo OARMA.

No Observatorio, e nos seus xardíns anexos, realiza as prácticas o alumnado de diversos graos, ademais do Cuarto Ciclo Universitario. Aproximadamente uns 250 alumnos/as por curso. Así mesmo, recibe en prácticas de empresa a alumnado da Facultade de Física. O centro leva tamén organizando anualmente dende 1997 o Pro-

grama de Extensión Cultural de Astronomía dirixido non só a alumnado e persoal da USC, senón que tamén está aberto á sociedade.

En efecto, unha parte especialmente relevante da actividade do Observatorio é a divulgación científica. No marco destas actividades visitan as instalacións máis de mil persoas ao ano, que inclúen grupos escolares, asociacións, distintos colectivos, e público en xeral. Se organizaron e organizan un sinfin de actividades e programas propios tanto na sede de Santiago como en numerosísimas localidades galegas e nos Camiños de Santiago, financiadas por organismos como a FECYT, a Xunta de Galicia, ou o Consello Social da USC. O Observatorio aporta a día de hoxe un apoio docente imprescindible para o alumnado de primaria e secundaria que acude con alta frecuencia nun formato de visitas didácticas dende todos os puntos da xeografía galega. Ditas visitas, tanto diúrnas como nocturnas, figuran rexistradas no libro de sinaturas do centro.

A estación meteorolóxica manual, instalada en 1945, posúe a serie de datos viva máis antiga da cidade de Santiago de Compostela. Dende 1987 está acompañada dunha estación automática servindo como control desta última, a cal emite os datos on-line en tempo real.

Xusto este ano, o histórico telescopio refractor que o profesor Aller Ulloa doou ao Observatorio cumpre 100 anos, estando en perfecto estado de uso.

A Royal Astronomical Society of Canada inclúe no seu Mapa Mundi de Observatorios ao Ramón María Aller da USC

(https://calgary.rasc.ca/world_observatory_map/world_observatories_verylarge.htm), tamén a propia IAU, e así mesmo o Anuario do Observatorio Madrid o destaca na súa páxina 163

(<https://www.ign.es/web/resources/acercaDe/libDigPub/Anuario2025.pdf>).

Paralelamente as obras de rehabilitación e acondicionamento que a Xunta de Galicia está levando a cabo no Observatorio, semella que este tamén é o momento de modernizar científicamente as instalacións e, nese senso, as anualidades de 50.000 € + 20.000€ correspondentes aos anos 2025 e 2026, respectivamente, se dedicarán ás seguintes actuacións:

- Desenvolvemento de tarefas de investigación astronómica. (2025-2026)
- Organización dun congreso internacional (2025)
- Organización dun congreso estatal (2026)
- Actualización de instrumentación (2025 -2026)
- Recuperación do reloxo Taboada de tempo sidéreo (2025)
- Edicións de investigación, docencia, divulgación e meteoroloxía (2025 -2026)
- Publicación on-line como paquetes informáticos de diversos algoritmos astronómicos xa rexistrados como propiedade intelectual da USC (2025 -2026)
- Adquisicións para a biblioteca especializada do Observatorio (2025 -2026)

- Gastos asociados a actividades de divulgación no propio Observatorio e fóra de Santiago (2025 -2026)
- Gastos de persoal relacionados con actividades de divulgación en localidades gallegas (2025 -2026)

En particular en relación co 200º aniversario do falecemento do primeiro home de Ciencias de Galicia, D. José Rodríguez González o matemático de Bermés (2025).

- Redución da contaminación luminosa na contorna do Observatorio (2025).
- Creación da Asociación de Amigos do Observatorio (2025).

Importe da actuación: 70.000€ (50.000€ en 2025, e 20.000 en 2026)

Xornadas especializadas de investigación

A actividade investigadora está suxeita a múltiples cambios caracterizados polo seu dinamismo e pola temporalidade. As xornadas especializadas contribúen á mellora da xestión e da captación de recursos, pois serven principalmente para poñer en común un capital de coñecemento que normalmente non se inclúe nos diferentes instrumentos xurídicos de xestión das axudas.

Neste sentido, as xornadas da sectorial de Investigación da Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE) é das máis prestixiosas, tanto pola súa duración como polo seus contidos e polos poñentes que participan que durante a súa celebración.

Dispoñer de recursos para que o persoal involucrado na xestión da investigación, cada vez máis voluminoso, poida participar será beneficioso para a institución.

O orzamento solicitado, 8.000 € para cada ano, destinarase principalmente á asistencia de persoal ás xornadas CRUE relacionadas con I+D+i así como á asistencia doutras xornadas especializadas que puideran ser de interese.

Importe da actuación: 16.000€ (8.000 € cada ano)

Foro de divulgación científica

Organización dun foro de divulgación científica onde se poña en valor a capacidade para o fomento da cultura científica, a ciencia feita en Galicia e a función desta como motor económico e social.

Este foro pon o foco na divulgación científica como axente dinamizador do coñecemento individual, fortalecedor da sociedade no seu conxunto e promotor dunha cultura de aprendizaxe permanente, pensamento crítico e participación informada, cuestións capitais nun contexto actual onde os perigos da desinformación son tan patentes.

Conxuntamente co foro, evento para o que se propón unha periodicidade anual, propónse a creación dun premio á labor divulgadora que destaque primeiras figuras do ámbito científico que contribúan, coa súa capacidade para divulgar a súa actividade

entre a sociedade, á promoción do pensamento crítico, á participación cidadá informada, á democratización do coñecemento e resulten inspiradores/as para a cidadanía.

A proposta parte da Universidade de Santiago de Compostela, con colaboración da Xunta de Galicia e a execución por parte dun grupo mediático que poida asegurar difusión local en todo o territorio galego mediante edicións comarcais e/ou rexionais.

Os gastos para o desenvolvemento do foro e o premio estímase en 20.000 € por edición.

Importe da actuación: 40.000€ (20.000 € cada ano)

4. Accións de mellora das titulacións

Accións para a mellora da calidade dos graos acreditados

As accións específicas que se inclúen neste apartado están centradas na mellora da calidade das titulacións de grao que acadaron a mención de excelencia concedida pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O Grao en Veterinaria obtivo esta mención na única convocatoria realizada pola Consellería ata o momento (convocatoria 2022-2023), cunha dotación anual de 60.000 €. Entre as posibles actuacións a desenvolver neste eido atópanse, entre outras, as seguintes: accións destinadas a mellorar a relación con entidades públicas e privadas que colaboren co grao e a empregabilidade das persoas egresadas (por exemplo, visitas a empresas de referencia, charlas de profesionais en activo etc.); adquisición de equipamento específico necesario para a impartición do grao; accións de seguimento dos/das egresados/as no mercado laboral.

Importe da actuación: 120.000€ (60.000€ por ano)

Accións para a mellora da calidade dos mestrados universitarios

As accións específicas que se inclúen neste apartado están centradas na mellora da calidade das titulacións de mestrado que acadaron a mención de excelencia concedida pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. A relación de mestrados acreditados nos que participa a USC que obtiveron a mención de excelencia da Xunta é a seguinte:

- Mestrado Universitario en Enxeñaría Ambiental (USC; convocatoria 2019-2020) – 25.000 €/ano
- Mestrado Universitario en Matemática Industrial (USC, UDC, UVigo; convocatoria 2021-2022) – 8.500 €/ano
- Mestrado Universitario en Computación de Altas Prestacións (USC, UDC; convocatoria 2021-2022) – 12.500 €/ano
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos (USC; convocatoria 2022-2023) – 25.000 €/ano

- Mestrado Universitario en Química Orgánica (USC; convocatoria 2022-2023) – 25.000 €/ano
- Mestrado Universitario en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable (USC, convocatoria 2023-2024) – 25.000 €/ano

Entre as posibles actuacións a desenvolver neste eido atópanse, entre outras, as seguintes: accións para a mellora das taxas de ocupación dos mestrados e da porcentaxe de estudantado estranxeiro (por exemplo, campañas de mercadotecnia dixital internacional); accións destinadas a mellorar a relación con entidades públicas e privadas que colaboren cos mestrados e a empregabilidade das persoas egresadas (por exemplo, visitas a empresas de referencia, charlas de profesionais en activo etc.); accións de seguimento dos/das egresados/as no mercado laboral; adquisición de equipamento específico necesario para a impartición dos mestrados.

Importe da actuación: 242.000€ (121.000 € en cada anualidade)

Accións de mellora das competencias transversais nos estudos de doutoramento

As accións de dinamización incluídas neste apartado corresponden a actuacións organizadas pola Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) relacionadas co fortalecemento das competencias e habilidades transversais nos estudos de doutoramento. Como en anos anteriores, o financiamento procedente do convenio para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i permitirá á EDIUS mellorar un amplo programa formativo de carácter complementario á actividade investigadora dos/as doutorandos/as, que inclúe diversas actividades ofertadas en liña e en lingua inglesa, o que permite unha mellor adaptación á dispoñibilidade do estudantado, así como a mellora das súas capacidades lingüísticas na lingua máis empregada no ámbito científico. O programa formativo centrarase en ámbitos como a comprensión das metodoloxías e técnicas de investigación e análise de datos, os procesos de documentación científica, as técnicas e métodos de comunicación científica e redacción de traballos de investigación, a formación sobre patentabilidade, a propiedade intelectual e a transferencia de coñecemento, entre outros. Dadas as súas características, esta acción está claramente vencellada ao selo europeo de calidade HR Excellence in Research, outorgado á USC en 2017 e renovado en 2023 (ata o ano 2026). A acción inclúe, así mesmo, a elaboración de material de difusión académico e informativo de doutoramento, nomeadamente o boletín electrónico da EDIUS (<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/boletin-nedius>), que ten demostrado dende o seu lanzamento ser unha eficaz ferramenta comunicativa e de difusión dixital, que contribúe a mellorar o coñecemento dos procesos académicos e administrativos do doutoramento, a difundir as novas e as actuacións dos órganos colexiados da EDIUS de maneira rápida, efectiva e transparente, así como a darlle unha maior difusión á oferta de formación en competencias transversais ofrecida pola USC.

Importe da actuación: 100.000€ (50.000€ por ano)

Accións relacionadas con selos internacionais de calidade

Os selos internacionais de calidade garanten que os programas formativos que os obteñen compren os criterios de calidade acordados polas axencias internacionais de aseguramento da calidade en educación superior en base a estándares internacionais recoñecidos por empregadores/as de diferentes países. Estes selos permiten recoñecer a calidade dun programa formativo dentro e fóra do país onde este se imparte e supoñen un aval fiable da súa calidade no que se refire á adquisición dos coñecementos e competencias por parte das persoas egresadas. A relación de titulacións oficiais impartidas pola USC que optarán a alcanzar ou renovar algún selo internacional de calidade durante este bienio é a seguinte:

- Grao en Enxeñaría Civil – Selo EUR-ACE
- Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural – Selo EUR-ACE
- Mestrado en Enxeñaría de Montes – Selo EUR-ACE
- Grao en Veterinaria – Acreditación ESEVT
- Grao en Enxeñaría Química – Acreditación IchemE
- Mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos – Acreditación IchemE €

Importe da actuación: 27.200€ (23.600 € en 2025 e 3.600€ en 2026)

Accións de difusión do Grao en Empresa e Tecnoloxía e do Grao en Xestión Cultural

O Grao en Empresa e Tecnoloxía e o Grao en Xestión Cultural impártense no Campus de Lugo e son as dúas únicas titulacións de grao que a USC ofrece na actualidade en dúas modalidades: presencial e virtual. A súa recente implantación, nomeadamente na súa modalidade virtual, fai necesario o desenvolvemento de accións de difusión e promoción que as dean a coñecer entre o estudantado de ensino secundario e o seu profesorado (en particular, aquel que actúa como orientador) e permitan a captación dun número máis elevado de estudantes de novo ingreso. Entre as actuacións previstas para este fin atópanse as seguintes: elaboración de material promocional, campañas en redes sociais, participación en feiras de educación e orientación, visitas a centros de educación secundaria etc. O importe total das actuacións correspondentes a este apartado ascende a 3.000 € (1.500 € para cada un dos graos).

Importe da actuación: 6.000€ (3.000€ por ano)

Redacción do proxecto de execución para a reforma e ampliación do Complexo Docente para o traslado da Facultade de Formación do Profesorado

Esta actuación enmárcase nos traballos previos de redacción do proxecto básico e de execución no marco do procedemento aberto 609A-22, Redacción de proxecto básico e execución e dirección facultativa para a reforma e ampliación do complexo docente do Campus Terra de Lugo para o traslado da sede da Facultade de Formación do Profesorado, publicado o 12 de agosto de 2022 e adxudicado o 23 de novembro de 2022.

Trátase dun proxecto plurianual que, no que respecta á redacción do proxecto básico e de execución, debe realizarse nas anualidades 2022, 2023 e 2024. No prego de licitación establecíanse as seguintes entregas parciais: estudos previos, anteproxecto, proxecto básico e proxecto de execución. Completáronse e aboáronse todas as entregas parciais agás a relativa o proxecto de execución.

Así pois, o obxecto desta actuación é a de redacción do proxecto de execución a partir do proxecto básico aprobado na fase anterior. Estes traballos suporán un gasto de 85.426,75 €, segundo as porcentaxes definidas no prego para cada fase dos honorarios de redacción do proxecto.

Importe da actuación: 85.426,76 € no ano 2025

5. Actuacións en infraestruturas de I+D+i

Segunda fase da reforma integral do Observatorio Astronómico Ramón María Aller

O Observatorio Astronómico Ramón María Aller é un recurso científico e didáctico da USC que acolle instalacións de investigación da área de Astronomía e os recursos para realizar actividades didácticas e de divulgación arredor desta disciplina que conta cunha longa traxectoria na USC.

Esta instalación xa foi obxecto de dúas actuacións no marco de edicións anteriores deste convenio. En particular, con cargo ao convenio do ano 2022, elaborouse un proxecto de execución para a reforma integral do Observatorio, entendido como recurso para a formación de estudantes da USC, instalación de investigación e centro de divulgación.

No convenio de 2023-2024 executáronse unha parte das actuacións previstas no proxecto, en particular as referidas a sistemas básicos do edificio, a reposición da carpintería e o saneamento dos paramentos exteriores.

A seguinte fase é o obxecto desta liña do convenio e consistirá na rehabilitación do espazo e mobiliario das salas dedicadas á biblioteca, antigo gabinete do profesor Ramón María Aller e zonas comúns e de recepción dos visitantes na planta baixa.

Segundo indica a memoria do proxecto de execución, trátase de recuperar as estancias e mobiliario desta zona que forman parte, xunto coas salas de observación, das dependencias que se empregan para recibir aos estudantes ou visitantes e explicar as observacións que se van realizar no marco da práctica ou visita. As actividades de formación e divulgación supoñen unha parte importante do labor do Observatorio, tal e como se recolle na súa memoria de actividades.

A reforma ten por obxecto actualizar as instalacións para axustalas aos estándares de uso e confort actuais, así como as normativas de aplicación, ao mesmo tempo que se mantén o seu carácter orixinal, tal e como se recolle na memoria do proxecto.

Estímase un orzamento de 172.788 € no que se inclúen os traballos previos de traslado de mobiliario e equipamento e desmontaxe de instalacións, o importe da licitación da obra, os honorarios de dirección facultativa, de coordinación de seguridade e saúde e o control de calidade.

Importe da actuación: 172.788 € en 2026

Adecuación de espazos para investigadores no pavillón 4 da Facultade de Veterinaria

No ano 2022, ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de accións estratéxicas en I+D+i preparouse un proxecto de reordenación do edificio denominado pavillón 4, da Facultade de Veterinaria, co fin de adaptalo para o uso exclusivo a actividades de investigación e que puidese servir de sede a un futuro centro de investigación para o campus de Lugo.

En paralelo á redacción do proxecto de execución para reordenación dos espazos, liberase a ala sur da terceira planta do inmovible, onde convivían diversos usos alleos á actividade investigadora: despachos de persoal de administración e servizos, locais sindicais, dependencias do Servizo de Vixilancia da Saúde, etc. Unha parte destes espazos xa se adaptaron, seguindo a lóxica do uso especificamente investigador, para acoller instalacións e equipamento de investigación do grupo LHICA, dedicado á investigación e transferencia en materia de hixiene, inspección e control de alimentos. Ademais da adecuación xeral do espazos instaláronse nestas dependencias equipamentos especializados obtidos en convocatorias estatais de investigación.

A actuación incluída neste convenio consiste na adaptación das estancias da ala sur do terceiro andar do pavillón 4 para que sirvan de espazos de traballo para os investigadores das áreas vinculadas ás instalacións precedentes e dos outros grupos de investigación presentes no campus que eventualmente conformarán o futuro centro de investigación.

Os traballos consistirán na adaptación das estancias, mellora do illamento, reforma das instalacións de electricidade, climatización, telecomunicacións e control de acceso e na adquisición do mobiliario básico para equipar estes espazos. O orzamento base para a actuación, incluíndo os servizos complementarios necesarios, estímase en 150.000 €.

Importe da actuación: 150.000€ en 2025

Reordenación e acondicionamento de espazos de investigación no Campus Sur de Santiago de Compostela

A USC está inmersa nun proceso de reordenación de usos no campus sur de Santiago de Compostela que ten como obxectivo satisfacer a demanda de espazos para novos títulos, novas necesidades de investigación e estancias adecuadas para potenciar as capacidades de emprendemento. Preténdese atender ás novas necesidades, sen au-

mentar a superficie construída, habilitando superficies cun uso pouco intenso ou residual, de forma que os centros da rede de Centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (CIGUS) e outras unidades de investigación e emprendemento poidan continuar o seu crecemento sen requirir os cuantiosos investimentos que suporía construír novas edificacións.

O primeiro paso nesta dirección acometeuse nos anos 2024 e 2025 coa adaptación parcial do antigo edificio Emprendia para acoller os estudos de Intelixencia Artificial, operación financiada parcialmente nesas anualidades polo convenio análogo ao actual. Neste ano preténdese continuar co proceso de traslado das empresas que ocupaban as últimas estancias do edificio Emprendia, para que o edificio IA se dedique integramente ás actividades de docencia e investigación relacionadas coa Intelixencia Artificial e as tecnoloxías da información en xeral, en particular as desenvolvidas polo Centro Singular de Investigacións en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS).

Para isto, cómpre acometer varias actuacións que liberarán espazo no edificio ocupado actualmente polo antigo Instituto de Acuicultura (hoxe integrado no Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global – iArcus).

O seguinte paso desta iniciativa de consolidación e ampliación de usos das edificacións existentes é habilitar como estancias de investigación as salas do semisoto do edificio CIBUS, localizado na Avenida Lope Gómez de Marzoa, e mellorar as instalacións dos laboratorios existentes na planta baixa. O edificio acolle en varios andares os espazos de traballo e laboratorios de varios grupos dedicados á investigación en varios ámbitos da bioloxía, entre os que se contan algúns dos que constitúen o programa e o persoal do iArcus.

Con esta actuación permíttese o traslado das empresas que ocupan o edificio Emprendia e, así mesmo, o traslado de parte dos recursos do novo Instituto de Psicoloxía da USC (IPSIUS) que actualmente ocupa espazos inadecuados desde o punto de vista urbanístico e de seguridade e hixiene.

Por último, propónse a adecuación e equipamento de espazos no Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) de forma que se podan reconverter estancias que na actualidade teñen un uso residual en espazos de traballo que axuden a atender as necesidades adicionais dos últimos anos.

O detalle das tres actuacións que se describen é o seguinte:

ACONDICIONAMENTO ESPAZOS NO CIBUS PARA INVESTIGACION		
Planta Soto: reestruturación interior, acondicionamento de instalacións, instalación de gases		474.810,00 €
Laboratorios (4nr): acondicionamento de lab existentes		64.260,00 €
Redacción do proxecto de enxeñaría e dirección de obra		4.500,00 €
	TOTAL CIBUS	543.570,00 €
ACONDICIONAMENTO ESPAZOS NOS EDIFICIOS DE INVESTIGACIÓN		
Acondicionamento de dúas plantas para uso despachos/oficinas		471.835,00 €

Equipamento		50.000,00 €
	TOTAL EDIF. INV	521.835,00 €
ACONDICIONAMENTO ESPAZOS NO CÍMUS		
Acondicionamento de novos espazos de traballos		64.950,00 €
Equipamento		33.500,00 €
	TOTAL CÍMUS	98.450,00 €

Importe da actuación: 1.163.855 € (103.450 en 2025 e 1.060.405 en 2026)

Mobiliario para os espazos expositivos vinculados á Rede de Centros de Divulgación

A USC está formando unha Rede de Centros de Divulgación co obxectivo de fomentar o interese pola ciencia e a cultura científica na sociedade da sociedade, contribuír á ciencia aberta, crear espazos de encontro entre a cidadanía e o persoal investigador e promover as vocacións científicas e STEM.

Forman parte desta rede centros consolidados como o Museo de Historia Natural ou o Observatorio Astronómico Ramón María Aller, para o que tamén se inclúen actuacións nesta memoria. Ademais das grandes dotacións, a USC conta con coleccións, fondos e patrimonio de interese en varios centros que é necesario poñer en valor sen ter necesidade de contar cun contedor específico para a súa visita e inclusión en actividades de valoración e divulgación. O feito de formar parte doutros centros académicos reforza a idea de que a divulgación e a promoción da ciencia debe facerse en conexión coas persoas e os espazos onde se produce.

Aínda que a distribución das coleccións e fondos en diversos centros se considera unha idea vantaxosa para integrar as actividades de divulgación nos espazos onde se desenvolve actualmente o labor docente e investigador, é importante que a coherencia da idea de Rede se asente en elementos materiais, tanto no que se refire á imaxe e identificación dos espazos como ao mobiliario que hai que deseñar e construír para acoller os fondos. O obxecto desta actuación é deseñar e fabricar mobiliario adaptado e homoxéneo para estes espazos co fin de expoñer as diversas coleccións. O orzamento previsto para esta actuación é de 20.000 euros e empregárase nos museos asociados ás facultades de Física e Psicoloxía.

Importe da actuación: 20.000 € en 2025

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola USC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A USC comprométese a desenvolver as accións descritas así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e

a colaboración da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a reflectir o logotipo da Xunta de Galicia nun lugar destacado de tódolos bens, produtos, servizos, actos, documentación, materiais de difusión etc., tanto físicos como virtuais, financiados total ou parcialmente con cargo ao presente convenio. Informarase das actividades de promoción, comunicación e divulgación da I+D+i á Secretaría Xeral de Universidades e incluírase a debida publicidade da Xunta de Galicia. Ademais, no seu caso, e coa finalidade de aumentar a visibilidade e difusión destas actividades cando sexa procedente, cursarase convite a participar a representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O incumprimento do deber de adoptar estas medidas de difusión e publicidade será causa de reintegro do importe da actuación.

A universidade tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

A USC comprométese a someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, a USC comprométese a cumprir calquera outra obriga establecida no artigo 40 do Regulamento da *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, en relación co artigo 11 da citada Lei.

De conformidade co artigo 31.7 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario

non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No que se refire ao equipamento científico-técnico financiado totalmente ou parcialmente ao abeiro deste convenio, a USC comprométese a:

- Compartir un mínimo de 10h/semana o equipamento científico-técnico deste convenio con outros centros CIGUS, colaborativos ou centros tecnolóxicos, sen coste e baixo petición.
- Posta a disposición dun técnico durante o período de compartición do equipamento para facilitar o uso deste.
- Facilitar ficha cos principais datos de compartición para a súa publicación na web habilitada para a súa compartición e autorizar a súa difusión.
- Facilitar datos de uso semestrais (proprios e externos) durante un período de catro anos.

Así mesmo, a USC comprométese a que o límite dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención imputables a este convenio axústase aos importes establecidos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de nove millóns douscentos noventa e oito mil vinte e nove euros con oitenta e dous céntimos (9.298.029,82 €), con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

2025	2026	TOTAL
4.065.436,70 €	5.232.593,12 €	9.298.029,82 €

Esta cantidade de 9.298.029,82 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de congresos.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas, contratación e execución das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas ou no caso de que non se poidan adxudicar as obras establecidas neste convenio, poderanse incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico,

infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio ou pequenas reformas, previa comunicación.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social poderase substituír por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Xustificación e Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 1 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte. No caso da última anualidade 2026, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o prazo de xustificación das nóminas de novembro e decembro deberá realizarse dentro da anualidade 2026. Deberase entregar folla de cálculo e pdf asinado dos gastos e dos pagamentos con exacta correspondencia entre ambos os dous documentos.

- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desagregar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (5), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.
- Certificado de que o límite dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención imputables a este convenio se axusta aos importes establecidos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Os pagamentos dos contratos de persoal correspondentes ás nóminas e á seguridade social dos meses de novembro e decembro da anualidade de 2025 poderán presentarse como xustificante de gasto da anualidade do ano 2026.

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 27.7 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou

parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, se concorren as seguintes circunstancias:

- 1.^a Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- 2.^a Que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nas bases reguladoras.

A tal efecto autorízase que:

- Os gastos relacionados con adquisición de infraestruturas e equipamento científico, obras de adecuación e acondicionamento do centro CEBIOVET e do HVU-RC e contratación de persoal colaborador en formación, poidan realizarse a través da FUNDACIÓN ROF CODINA (NIF G27182856), ente adscrito á USC.
- Os gastos relacionados con reprografía, limpeza de edificios e organización de congresos e eventos científicos sexan executados por Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. (NIF G70123971), medio propio e ente dependente da USC.
- Os gastos relacionados co apoio ás estruturas de investigación, en concreto, na categoría de centro consolidado, sexan executados polo Consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGA) (NIF S1500132D), ente adscrito á USC.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Pagamentos a conta

Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta, poderá realizarse adicionalmente outro pagamento a conta anual. O pagamento a conta poderá supoñer a realización dun pagamento fraccionado que responderá ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Este pagamento adicional ao establecido na cláusula quinta deberá cumprir dúas condicións:

- Deberá presentarse a documentación xustificativa antes do 30 de setembro.
- De conformidade co disposto no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia: o importe conxunto dos pagamentos a conta que no seu caso se concederan non poderán ser superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Así mesmo, establécese que non poderá ser inferior ao 50% da porcentaxe subvencionada correspondente ao pagamento xustificado en cada anualidade.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada nese exercicio.

Para proceder ao seu pagamento a USC deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula quinta.

A USC está exenta da obriga de constituír garantías para os pagamentos a conta, de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do regulamento antes mencionado.

NOVENA.- Modificación do convenio

Consonte co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2026.

UNDÉCIMA.- Extinción do convenio

Non obstante o establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das

cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

DUODÉCIMA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da Comisión Europea sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, do 28 de outubro de 2022), a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade e Transparencia

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a universidade no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que

expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na *Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións* e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*.

De acordo co estipulado no artigo 53 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5

de decembro (BOE 06/12/2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas se someten ao acordado en todas as estipulacións.

DÉCIMO QUINTA.- **Resolución de controversias**

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Anexo I

Resumo das actuacións en centros da Rede CIGUS

As actuacións que comportan financiamento destinado aos centros da Rede CIGUS son as seguintes:

Centro	2025	2026	Total
CiMUS - Total	397.031 €	242.026 €	635.006 €
CRETUS - 2.4	156.500 €	247.000 €	403.500 €
CiTIUS - 2.4	320.000 €	320.000 €	640.000 €
IGFAE-2.4	344.000 €	344.000 €	688.000 €
CiQUS - 2.4	204.000 €	204.000 €	408.000 €
Total	1.421.531 €	1.357.026 €	2.774.506 €

O detalle das actuacións incluídas no CiMUS é o seguinte:

Centro/actuación	2025	2026	Total
CiMUS – 1	56.555,89 €	-	56.555,89 €
CiMUS – 2.4	240.000 €	240.000 €	480.000 €
CiMUS – 5.3	98.450,00 €	-	98.450,00 €
Total CiMUS	397.030,89 €	242.026,00 €	635.005,89 €